

## PLAN LINGÜÍSTICO

### ESAD DE GALICIA

#### Plan Lingüístico de Escola

Edicións	Data	Revisións e motivos das mesmas	Aprobación
1	16-04-2014		Consello escolar 18-06-2014

BORRADOR

## PLAN LINGÜÍSTICO

### ÍNDICE

#### 1. INTRODUCCIÓN

- 1.1. Análise do contexto
- 1.2. Marco legal da promoción do galego
- 1.3. Contorna sociolingüística do centro: A cidade de Vigo

#### 2. ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

- 2.2. A Situación do profesorado
- 2.3. A situación do alumnado
- 2.4. A situación do persoal non docente (conserxería, secretaría, persoal de limpeza)
- 2.5. A situación lingüística do Centro

#### 3. OBXECTIVOS XERAIS E LIÑAS DE ACTUACIÓN DESEÑADAS POLO CENTRO PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

- 3.1. Actividades a desenvolver

#### 4. AS LINGUAS A EMPREGAR NAS DIFERENTES ÁREAS

- 4.1. Lingua vehicular na especialidade de interpretación
- 4.2. Lingua vehicular na especialidade de dirección e dramaturxia
- 4.3. Lingua vehicular na especialidade de escenografía

Anexo I: materias nas que a lingua galega debe ser lingua de traballo na aula.

**1. INTRODUCCIÓN.** O presente documento é o Proxecto lingüístico dun centro de Ensinanzas Artísticas de titularidade pública, situado na cidade máis poboada de Galicia, Vigo, na provincia de Pontevedra, elaborado conforme a lexislación vixente neste momento (Decreto 79/2010), que regula o uso e promoción do galego no sistema educativo. O presente Proxecto Lingüístico parte da análise da realidade lingüística da contorna da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, en Vigo. A técnica empregada para a análise foi a que os expertos recomendan como máis adecuada para determinar usos lingüísticos: a enquisa. A primeira enquisa sociolingüística levada a cabo entre o alumnado, profesorado e PAS, no centro realizouse no curso 2013-2014. Neste mesmo documento tamén se recollen:

- Proposta de uso do galego nas diferentes materias impartidas no centro.
- As medidas de apoio e reforzo para profesorado e alumnado na procura dun correcto desenvolvemento da actividade docente.
- Relación de actividades de dinamización lingüística para o curso académico.

Con data do 15 de outubro de 2013 en reunión ordinaria da CCP expónse a necesidade de elaboración do Proxecto Lingüístico do Centro por parte da Coordinadora do Servizo de Dinamización e acórdase nomear unha Comisión, e na reunión ordinaria da CCP do 19 de novembro de 2013 apróbese a creación da dita comisión, con intervención de representantes de todos os sectores da comunidade escolar.

**1. 1. Análise do contexto.** Para realizar calquera tipo de planificación lingüística temos que saber de onde partimos e así poder marcar os obxectivos a acadar. Deste xeito, para perfilar as medidas que haxa que incorporar a este plan, así coma á programación do Servizo de Normalización e Dinamización Lingüística do centro é imprescindible determinar a situación sociolingüística da ESAD.

**1. 2. Marco legal da promoción do galego.** Toda a nosa intervención está baseada no coñecemento da legalidade vixente que atinxe ao uso do galego nos organismos dependentes da administración pública. En primeiro lugar, o Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 5, afirma que o galego é a “lingua propia de Galicia”, e como tal os poderes públicos han de potenciar o seu uso normal en todos os ámbitos da vida pública, cultural e informativa.

Pola súa banda, a Lei 3/1983 de Normalización Lingüística, no seu título III dedicado ao uso da lingua no ensino, no seu artigo 14.3 declara que “as autoridades educativas da comunidade autónoma garantirán que ao remate dos ciclos en que o galego é obrigatorio (isto é, en todos os niveis do ensino non universitario), os alumnos coñezan este, no seu nivel oral e escrito, en igualdade co castelán”. A realidade demostranos que a meirande parte dos alumnos procedentes de familias castelanfalantes ou bilingües dominan o galego nos seu uso escrito mais teñen enormes dificultades para o falar. Perante a ausencia de cumprimento deste aspecto da Lei, o SNL da ESAD considera unha obriga o reforzo do coñecemento do galego na súa expresión oral, máis aínda ao se tratar dunha especialidade encamiñada a unha profesión na que o uso oral da lingua se presenta a priori como fundamental e necesario.

Por outra banda, o Plan Xeral de Normalización Lingüística presenta como un dos seus principais obxectivos o de “dotar o galego dos recursos técnicos e necesarios que o capaciten para vehicular a lingua moderna”. Neste sentido, este mesmo Plan desenvolve esta idea no Sector Transversal C, de Implementación do Corpus, segundo o cal, un Obxectivo do Plan é o de pór ao alcance dos cidadáns e dos sectores profesionais os medios formativos, didácticos, técnicos, lingüísticos e terminolóxicos, suficientes que lles aseguren unha completa capacitación lingüística e un emprego doado do galego nas súas actividades persoais e profesionais. (p. 51)

Tocante ao eido teatral, o Plan, logo de salientar como punto forte o feito de que a maioría da produción teatral se fai en galego, establece como directriz estratéxica a necesidade de aproveitar o alto grao de actividade teatral en galego. (p. 236)

**1. 3. Contorna sociolingüística do centro.** Unha das grandes eivas da normalización da lingua galega é a dificultade para contrarrestar o proceso de urbanización que leva consigo un

desapego da lingua. Xa desde finais do século XIX a industrialización de cidades como A Coruña ou Vigo, relacionada coa importancia mercantil dos seus portos, leva parello un abandono do rural que favorece o incremento demográfico destas dúas poboacións. Mais o proceso incrementouse e xeneralizouse a partir das décadas dos 60 e 70, etapa na que se constitúe definitivamente o dominio das sete cidades galegas e que supón a aparición de ensanches en todas elas.

A conformación específica destas novas áreas urbanas afastadas do centro histórico podería constituír, segundo afirma o investigador Gabriel Rei-Doval no seu libro *A lingua galega na cidade do século XX*, un factor a ter en conta á hora de analizar as causas do abandono da lingua, pois estes ensanches constrúense cunha filosofía contraria a calquera tipo de harmonización co ambiente e á integración dos habitantes nun espazo habitable que os vinculase coa vida que se desenvolve neste (rúas estreitas, reducido número de prazas e pouco acolledoras, edificios mal acondicionados tanto interna como externamente, etc... Convén logo non perder de vista esta degradación xeneralizada das condicións de vida urbana, porque quizais estea relacionada coa degradación da vitalidade da lingua galega nas sete cidades galegas.

Sexa como for, o certo é que a cidade de Vigo, onde se sitúa a sé da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, e que é polo tanto o contexto inmediato e o hábitat onde vive e se relaciona socialmente a meirande parte do alumnado e profesorado do centro, as estatísticas demostran a enorme inferioridade do galego con respecto ao castelán. Segundo datos do Instituto Galego de Estatística, no ano 2001 os datos de uso do galego presentaban un predominio claro do bilingüismo (146.399 habitantes; un 52% do total), xunto a un maior número de falantes monolingües en castelán (68.226 habitantes, é dicir, un 25 %) ca en galego (53.007 habitantes, o que supón un 19 % do total). Tendo en conta que o ítem de medición dos falantes bilingües está formulado como os que falan galego só ás veces, é de supoñer que o espazo de uso real do galego na cidade de Vigo é moi limitado xa que moitos destes falantes bilingües restrinxen hipoteticamente o uso do galego a contextos moi concretos, como o contacto con persoas maiores, no ambiente familiar, ou en moi determinados ambientes socioculturais.

**2. ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO.** A Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, situada nun entorno urbano, ten a lingua galega como lingua principal para a comunicación con outras entidades oficiais da Comunidade así como para as súas mostras pedagóxicas abertas á cidadanía. Mais a realidade sociolingüística do centro é complexa e así queda reflectida nas enquisas feitas para desenvolver este proxecto.

**2. 1. Situación do profesorado.** Debido á recente creación da ESAD de Galicia, o seu profesorado neste seu noveno curso de existencia, segue a ser maioritariamente non galego, por razón de que é a primeira Escola Oficial de Arte Dramática que se crea en Galicia, e moitos dos profesionais das artes escénicas non posúen titulación oficial que lles permita impartir docencia regrada. Por este motivo a maior parte do profesorado provén da RESAD de Madrid, do Institut del Teatre de Barcelona e doutras Escolas Superiores, e non está formado en Galicia e en galego. Non obstante, parte deste profesorado está moi concienciado en relación á importancia que ten o idioma na formación dos profesionais do teatro, sendo moitos deles os que, malia seren cataláns ou andaluces, están a aprender o galego e procurando utilizalo nas aulas. Tanto estes como aqueles non-galegos que aínda non asumen o esforzo extra de aprender e practicar o idioma galego precisan do apoio, estímulo e implicación de toda a comunidade educativa.

No momento actual, despois de catro anos de traballo continuo do Servizo de Normalización Lingüística, e aínda que desde o primeiro momento comezamos a observar unha demanda continua por parte do profesorado non galegofalante de materiais e de apoio en Galego, tamén observamos que o estado precario da situación laboral de parte do profesorado que provén de fóra da comunidade (moitos están aquí porque as listaxes noutras comunidades están pechadas e mesmo quedaron sen traballo noutras escolas), fai que teñan este destino docente como solución transitoria e non sintan necesidade de integrarse cultural e lingüísticamente na nosa comunidade. Isto fai que a situación sexa máis complexa que en anos

anteriores, e que a actuación do departamento deba ser máis completa en canto a seguimento e apoio nas traducións e demais actividades, xusto cando o departamento e o Centro dispón de menos medios económicos para que ese apoio sexa factible.

No curso 2013-2014, como xa explicamos na introdución, para a elaboración deste proxecto lingüístico realizamos enquisas diferenciadas ao profesorado, alumnado e persoal non docente da ESAD de Galicia. Da enquisa realizada ao profesorado sacamos os seguintes datos, porcentaxes e conclusións:

### DATOS E PORCENTAXES

<b>Número de enquisas:</b>	27	100 %
<b>Distribución por sexo:</b>		
Mulleres:	14	51,85 %
Homes:	13	48,15 %

### Lingua na que se aprendeu a falar:

Castelán:	15	55,56 %
Galego:	4	14,81 %
Castelán e galego:	4	14,81 %
Outra lingua diferente:	3	11,11 %
Castelán e outra lingua:	1	3,70 %

### Lingua/s faladas en diferentes ámbitos:

#### DATOS

	Castelán	Máis castelán	Castelán e galego por igual	Máis galego	Galego	Outra (s)
Coa parella	13	3	2	1	5	5
Coas amistades	8	5	6	2	7	4
Coa nai/titora	14	4	1	0	5	2
Co pai/titor	13	2	1	0	5	2
Con irmá/n/s	14	3	1	0	4	2
Cos avós maternos	12	2	1	1	4	2
Cos avós paternos	10	2	0	0	6	2
Coas compañeiras/os da ESAD Galicia	2	4	11	5	5	0
Co alumnado da ESAD de Galicia dentro da aula	2	6	7	2	9	1
Co alumnado da ESAD de Galicia fóra da aula	7	2	8	2	8	1
Co persoal non docente da ESAD de Galicia	5	8	3	2	9	0
Ao facer compras	8	5	5	4	4	0
Con persoas descoñecidas (cando se fala primeiro)	9	6	3	1	8	0
No médico	12	5	4	1	5	0

**PORCENTAXES**

	Castelán	Máis castelán	Castelán e galego por igual	Máis galego	Galego	Outra (s)
Coa parella	48,15	11,11	7,41	3,70	18,52	18,52
Coas amistades	29,63	18,52	22,22	7,41	25,93	14,81
Coa nai/titora	51,85	14,81	3,70	0	18,52	7,41
Co pai/titor	48,15	7,41	3,70	0	18,52	7,41
Con irmá/n/s	51,85	11,11	3,70	0	14,81	7,41
Cos avós maternos	44,44	7,41	3,70	3,70	14,81	7,41
Cos avós paternos	37,04	7,41	0	0	22,22	7,41
Coas compañeiras/os da ESAD Galicia	7,41	14,81	40,74	18,52	18,52	0
Co alumnado da ESAD/G dentro da aula	7,41	22,22	25,93	7,41	33,33	3,70
Co alumnado da ESAD/G fóra da aula	25,93	7,41	29,63	7,41	29,63	3,70
Co persoal non docente da ESAD/G	18,52	29,63	11,11	7,41	33,33	0
Ao facer compras	29,63	18,52	18,52	14,81	14,81	0
Con persoas descoñecidas (cando se fala primeiro)	33,33	22,22	11,11	3,70	29,63	0
No médico	44,44	18,52	14,81	3,70	18,52	0

0,01-4,99	4,99-9,99	10 – 19,99	20 – 29,99	30 – 39,99	40 – 49,99
50 – 59,99	60 – 69,99	70 – 79,99	80- 89,99	90 - 100	

**Datos da autoavaliación da competencia lingüística en CASTELÁN e GALEGO:**
**CASTELÁN**

	Moi def.	Def.	Acept.	Boa	Moi boa
Comprensión do castelán oral				1	26
Comprensión do castelán escrito				2	25
Soltura na fala en castelán			1	2	24
Aptitude na escrita en castelán				6	21

**GALEGO**

	Moi def.	Def.	Acept.	Boa	Moi boa
Comprensión do galego oral		1		9	17
Comprensión do galego escrito			2	9	16
Soltura na fala en galego		4	7	6	10
Aptitude na escrita en galego	1	1	8	9	8

**Porcentaxes da autoavaliación da competencia lingüística en CASTELÁN e GALEGO:**
**CASTELÁN**

	Moi def.	Def.	Acept.	Boa	Moi boa
Comprensión do castelán oral				3,70	<b>96,30</b>
Comprensión do castelán escrito				7,41	<b>92,59</b>
Soltura na fala en castelán			3,70	7,41	<b>88,89</b>
Aptitude na escrita en castelán				22,22	<b>77,78</b>

**GALEGO**

	Moi def.	Def.	Acept.	Boa	Moi boa
Comprensión do galego oral		3,70		33,33	<b>62,96</b>
Comprensión do galego escrito			7,41	33,33	<b>59,26</b>
Soltura na fala en galego		14,81	25,93	22,22	<b>37,04</b>
Aptitude na escrita en galego	3,70	3,70	29,63	<b>33,33</b>	29,63

Disposición para acadar unha maior capacitación lingüística en CASTELÁN e en GALEGO das persoas con algún parámetro catalogado como “moi deficiente”, “deficiente” ou “aceptable”.

**CASTELÁN ( 1 persoa - 3,70 % do total dos docentes )**

Ningunha	Pouca	Moderada	Boa	Plena
0	0	0	0	<b>1 (100%)</b>

**GALEGO (16 persoas – 59,26 % do total dos docentes)**

Ningunha	Pouca	Moderada	Boa	Plena
0	0	2 (12,50%)	5 (31,25%)	<b>9 (56,25%)</b>

**Autoavaliación do coñecemento doutras linguas diferentes ao galego e ao castelán.**

Linguas	Nº persoas	Capacitación				
		Moi def.	Def.	Acept.	Boa	Moi boa
Inglés	25 (92,59%)		4	13 (48,15%)	8 (29,63%)	
Francés	18 (66,67%)	1	3	9 (33,33%)	5 (18,52%)	
Portugués	11 (40,74%)		3	5 (18,52%)	2 (7,41%)	1 (3,70%)
Catalán	7 (25,93%)			1 (3,70%)	2 (7,41%)	4 (14,81%)
Italiano	6 (22,22%)	1	2	2 (7,41%)	1 (3,70%)	
Alemán	3		1		2 (7,41%)	
Checo	1					1 (3,70%)

Polaco	1				1 (3,70%)	
Holandés	1		1			
Xaponés	1		1			

## ANÁLISE XERAL DOS DATOS OBTIDOS

### O CASTELÁN, LINGUA MATERNA MAIORITARIA

Mentres que un **74,07 %** do profesorado tivo o castelán como lingua materna, só tivo o galego un **29,62 %**.

### O USO DO CASTELÁN EN EXCLUSIVA É A OPCIÓN MAIORITARIA DO PROFESORADO PARA TODOS OS ÁMBITOS DA VIDA AGÁS NO CENTRO

O uso exclusivo da lingua castelá é a opción amplamente maioritaria na contorna familiar e afectiva do profesorado. Tamén o é no seu círculo de amizades e na súa relación social, tanto en situacións onde pode mediar un coñecemento do/a interlocutor/a (o persoal sanitario ou o persoal de establecementos onde se realizan compras) como ante persoas descoñecidas.

### DEFICIENCIAS NA COMPRENSIÓN DA LINGUA GALEGA

A excelencia na comprensión do galego, pese a ser maioritaria, dista moito de acadar uns niveis altos, pois a lingua oral só é dominada polo 62,96 % do profesorado e a lingua escrita só acada un 59,26 %. Estas cifras son máis reveladoras se temos en conta que a **excelencia na comprensión do castelán se sitúa máis de 30 puntos porcentuais por riba do galego** (no 96,30 % e no 92,59 %, respectivamente).

### GRAVES EIVAS NA CAPACIDADE PARA A FALA E A ESCRITA EN GALEGO

A excelencia na fala e na escrita en lingua galega acada porcentaxes moi baixas (só o 37,04 % e o 29,63 %, respectivamente). Estas porcentaxes resultan máis significativas se se comparan coas da excelencia na fala (88,89 %) e na escrita en lingua castelá (77,78 %). **A excelencia na fala e na escrita en galego está uns 50 puntos porcentuais por baixo da excelencia en castelán.**

### NON EXISTENCIA DUNHA PLENA DISPOSICIÓN Á MAIOR CAPACITACIÓN EN GALEGO

Mentres que é plena a disposición do profesorado a acadar unha maior capacitación en castelán, **un 43,75 % non ten unha plena disposición** para acadar niveis de excelencia na súa capacitación en lingua galega.

### IGUALDADE NO USO DO CASTELÁN E DO GALEGO NO CENTRO

Os datos reflicten que o uso do castelán e do galego por igual é a opción maioritaria na relación entre docentes (40,74 %).

**Dentro das aulas**, a suma das porcentaxes de uso de “castelán”, “máis castelán” e “castelán e galego por igual” chega a un 55,56 %. Nese mesmo contexto, a suma de “galego”, “máis galego” e “castelán e galego por igual” chega a un 66,67 %. Esta **diferenza de pouco máis do 10%** indica unha situación de bastante igualdade. Esta igualdade é máis evidente na relación entre docentes e alumnado fóra das aulas, que acada un 62,97 % na suma das porcentaxes



que se refiren ao uso do castelán e un 66,67 % na suma das referidas ao galego. As diferenzas aquí nin chegan a 5 puntos porcentuais.

**2. 2. Situación do alumnado.** A convivencia segue a demostrar que a meirande parte do alumnado da ESAD non escolle o galego como lingua de intercambio, aínda que o máis preocupante é observar como alumnado que ten o galego como lingua materna, na vida cotiá da Escola, cambia esta lingua polo castelán, e volve utilizalo unicamente cando os docentes galegofalantes así llo requiren. Como aspecto positivo hai que destacar que o traballo desenvolvido durante os tres cursos pasados, realizando as tradución ao galego dos textos que o alumnado tiña que representar en público e estudar nas clases, dou como resultado un alto nivel de utilización do galego nas aulas, cambiando a tendencia dos anos anteriores, nos que o castelán predominaba nas presentacións mesmo en público dos traballos do alumnado.

Neste cuarto ano de acción do Servizo de Normalización Lingüística, observamos que agora a lingua predominante na presentación de traballos dos alumnos é o Galego. Estamos no momento no que o alumnado comeza a se preocupar da calidade do seu galego, da correcta utilización do estándar oral e de variantes dialectais; e para iso xa non dubida e facer espazo no seu tempo de estudo para consultar e corrixir co profesorado de dicción en Galego. O alumnado xa non pensa só na cantidade de traballos que fai en galego, senón na súa calidade.

Pero debemos ter en conta a situación actual na que o alumnado de interpretación actoral, realiza a maior parte das súas prácticas con profesorado que non é orixinario da nosa comunidade nin ten o galego como lingua habitual. O Servizo de Normalización apoia tanto ao alumnado coma a profesorado (cando este se deixa asesorar), para que as prácticas en galego teñan a calidade axeitada. Pero hai que ter en conta que o alumnado fai o esforzo extraordinario de facer as prácticas de interpretación actoral en galego, aínda que a comunicación co profesorado non sexa nun galego cuns mínimos de calidade. Precisamos un reforzo en formación ao profesorado e un apoio claro ao uso do galego no Centro, para que a situación se reconduza e poidamos acadar os obxectivos de excelencia que nestes anos nos tiñamos marcado.

Presentamos a enquisa sociolingüística feita ao noso alumnado para corroborar as apreciacións que vimos de facer:

#### DATOS E PORCENTAXES

<b>Número de enquisas:</b>	90	100 %
<b>Distribución por sexo:</b>		
Mulleres:	53	58,89 %
Homes:	37	41,11 %
<b>Distribución por especialidades:</b>		
Interpretación:	61	67,78 %
Dirección escénica e dramaturxia:	15	16,67 %
Escenografía:	13	14,44 %
NS/NS:	1	1,11 %
<b>Lingua na que se aprendeu a falar:</b>		
Castelán:	42	46,67 %
Castelán e galego:	36	40,00 %
Galego:	8	8,89 %
Noutra(s) lingua(s) diferente(s):	3	3,33 %
NS/NC:	1	1,11 %

**Lingua/s faladas en diferentes ámbitos:**
**DATOS**

	Castelán	Máis castelán	Castelán e galego por igual	Máis galego	Galego	Outra (s)
Coa parella	46	15	4	5	7	5
Cas amigas/os	37	25	15	6	7	2
Coa nai/titora	56	10	6	4	12	3
Co pai/titor	49	10	5	5	14	3
Con irmá/n/s	51	10	6	0	11	4
Cos avós maternos	36	14	6	7	18	4
Cos avós paternos	29	9	6	9	19	5
Coas compañeiras/os da ESAD/G	24	37	18	6	4	0
Co profesorado castelán-falante da ESAD/G	50	19	12	4	5	0
Co profesorado galego-falante da ESAD/G	12	11	11	16	39	0
Co persoal non docente da ESAD/G	31	22	21	7	7	0
Ao facer compras	38	16	23	2	8	0
Con persoas descoñecidas (cando se fala primeiro)	44	21	12	5	8	0
No médico	48	14	10	5	12	1

**PORCENTAXES**

	Castelán	Máis castelán	Castelán e galego por igual	Máis galego	Galego	Outra (s)
Coa parella	51,11	16,67	4,44	5,56	7,78	5,55
Cas amigas/os	41,11	27,78	16,67	6,67	7,78	2,22
Coa nai/titora	62,22	11,11	6,67	4,44	13,33	3,33
Co pai/titor	54,44	11,11	5,56	5,56	15,56	3,33
Con irmá/n/s	56,67	11,11	6,67	0	12,22	4,44
Cos avós maternos	40	15,56	6,67	7,78	20,00	4,44
Cos avós paternos	32,22	10,00	6,67	10,00	21,11	5,56
Coas compañeiras/os da ESAD/G	26,67	41,11	20,00	6,67	4,44	0
Co profesorado castelán-falante da ESAD/G	55,56	21,11	13,33	4,44	5,56	0

Co profesorado galego-falante da ESAD/G	13,33	12,22	12,22	17,78	<b>43,33</b>	0
Co persoal non docente da ESAD/G	<b>34,44</b>	24,44	23,33	7,78	7,78	0
Ao facer compras	<b>42,22</b>	17,78	25,56	2,22	8,89	0
Con persoas descoñecidas (cando se fala primeiro)	<b>48,89</b>	23,33	13,33	5,56	8,89	0
No médico	<b>53,33</b>	15,56	11,11	5,56	13,33	1,11

0,01-4,99	4,99-9,99	10 – 19,99	20 – 29,99	30 – 39,99	40 – 49,99
50 – 59,99	60 – 69,99	70 – 79,99	80- 89,99	90 - 100	

**Datos da autoavaliación da competencia lingüística en CASTELÁN e GALEGO:**
**CASTELÁN**

	Moi def.	Def.	Acept.	Boa	Moi boa
Comprensión do castelán oral			3	14	<b>73</b>
Comprensión do castelán escrito		1	2	16	<b>71</b>
Soltura na fala en castelán		1	4	17	<b>68</b>
Aptitude na escrita en castelán		2	4	26	<b>58</b>

**GALEGO**

	Moi def.	Def.	Acept.	Boa	Moi boa
Comprensión do galego oral	1		7	21	<b>61</b>
Comprensión do galego escrito	1	1	7	26	<b>55</b>
Soltura na fala en galego	4	5	26	<b>31</b>	24
Aptitude na escrita en galego	3	5	17	<b>33</b>	32

**Porcentaxes da autoavaliación da competencia lingüística:**
**CASTELÁN**

	Moi def.	Def.	Acept.	Boa	Moi boa
Comprensión do castelán oral			3,33	15,56	<b>81,11</b>
Comprensión do castelán escrito		1,11	2,22	17,78	<b>78,89</b>
Soltura na fala en castelán		1,11	4,44	18,89	<b>75,56</b>
Aptitude na escrita en castelán		2,22	4,44	28,88	<b>64,44</b>

**GALEGO**

	Moi def.	Def.	Acept.	Boa	Moi boa
Comprensión do galego oral	1,11		7,78	23,33	<b>67,78</b>
Comprensión do galego escrito	1,11	1,11	7,78	28,89	<b>61,11</b>
Soltura na fala en galego	4,44	5,56	28,89	<b>34,44</b>	26,67
Aptitude na escrita en galego	3,33	5,56	18,89	<b>36,67</b>	35,56

**Ámbito xeográfico no que se desexaría desenvolver o futuro profesional.**

En Galicia:	71	78,89 %
No resto de España:	63	70,00 %
Nun ámbito de lingua castelá:	41	45,56 %
Nun ámbito de lingua portuguesa:	32	35,56 %
Noutros ámbitos lingüísticos:	69	76,67 %

**Autoavaliación do coñecemento doutras linguas diferentes ao galego e ao castelán.**

Linguas	Nº persoas	Capacitación				
		Moi boa	Boa	Acept.	Def.	Moi def.
Inglés	<b>84</b> <b>(93,33 %)</b>	5 (5,55%)	24 (26,67%)	<b>40</b> <b>(44,44%)</b>	14	1
Francés	49 (54,44%)	3 (3,33%)	4 (4,44%)	16 (17,77%)	14	12
Portugués	34 (37,78%)	3 (3,33%)	6 (6,67%)	15 (16,67%)	8	2
Italiano	15 (16,17%)	1 (1,11%)	1 (1,11%)	5 (5,55%)	3	5
Catalán	6 (6,67%)		1	1	2	2
Alemán	6 (6,67%)					6
Xaponés	5 (5,55%)				1	4
Vasco	3				1	2
L.S.E.	2	1	1			
Ruso	2					2
Rumano	2					2
Asturiano	1	1				
Eslovaco	1				1	
Chinés	1					1
Coreano	1					1

0,01-4,99	4,99-9,99	10 – 19,99	20 – 29,99	30 – 39,99	40 – 49,99
50 – 59,99	60 – 69,99	70 – 79,99	80- 89,99	90 - 100	

**ANÁLISE XERAL DOS DATOS OBTIDOS**
**O CASTELÁN, LINGUA MATERNA MAIORITARIA**

Mentres que un **86,67 %** do alumnado tivo o castelán como lingua materna, o galego acada un **48,89 %**.

**O USO DO CASTELÁN EN EXCLUSIVA É A OPCIÓN MAIORITARIA DO ALUMNADO PARA TODOS OS ÁMBITOS DA VIDA AGÁS NO CENTRO**

O uso exclusivo da lingua castelá é a opción amplamente maioritaria na contorna familiar e afectiva do alumnado. Tamén o é no seu círculo de amizades e na súa relación social, tanto en situacións onde pode mediar un coñecemento do/a interlocutor/a (o persoal sanitario ou o persoal de establecementos onde se realizan compras) como ante persoas descoñecidas.

## DEFICIENCIAS NA COMPRENSIÓN LINGÜÍSTICA

A excelencia na comprensión lingüística do alumnado, pese a ser maioritaria, dista moito de acadar uns niveis altos, pois a lingua oral só é dominada polo 81,11 % no caso do castelán e por un 67,78 % no caso do galego. Porcentaxes similares danse na comprensión do castelán escrito (78,89 %) e do galego escrito (61,11 %).

### GRAVES EIVAS NA CAPACIDADE PARA A FALA E A ESCRITA, PRINCIPALMENTE EN GALEGO

A excelencia na fala e na escrita en lingua galega acada porcentaxes moi baixos (só o 26,67 % e o 35,56 %, respectivamente). Estas porcentaxes resultan máis significativas se se comparan coas da excelencia na fala (75,56 %) e na escrita en lingua castelá (64,44 %). **A excelencia na fala en galego está uns 50 puntos porcentuais por baixo da excelencia en castelán. Na escrita, as diferenzas sitúanse en torno aos 30 puntos.** Por riba, a porcentaxe de alumnado cunha competencia moi deficiente, deficiente ou só aceptable na fala galega é dun 38,89 %, cifra que descende no caso da escrita en galego (27,78 %) pero que mantén unhas diferenzas notables respecto aos mesmos datos no caso do castelán (5,55 % e 6,66 %, respectivamente).

### AMPLA VONTADE DE DESENVOLVER O FUTURO PROFESIONAL TANTO EN GALICIA COMO NO RESTO DE ESPAÑA E NOUTROS ÁMBITOS LINGÜÍSTICOS

O alumnado móstrase aberto a desenvolver o seu futuro profesional en ámbitos lingüísticos diversos, e con similares porcentaxes. Tanto Galicia (78,89%) como o resto de España (70%) e outros ámbitos lingüísticos (76,67%) son opcións igualmente consideradas

### DESEQUILIBRIO NO USO DO CASTELÁN E DO GALEGO NO CENTRO

Ante o profesorado castelán-falante, o alumnado fala exclusivamente castelán (55,56%) ou máis castelán que galego (21,11 %) como opcións maioritarias. Situación análoga das ante o profesorado galego-falante. Aquí, as dúas opcións con maior porcentaxe son a fala exclusiva en galego (43,33%) ou máis galego que castelán (17,78%).

Agora ben, esta situación cambia radicalmente no momento no que os membros do alumnado se relacionan entre eles. Aquí, as opcións maioritarias (“castelán exclusivamente” e “máis castelán que galego”) suman un importante 67,78%. Porén, o uso de “galego exclusivamente” e “máis galego que castelán” tan só suma un 11,11%. Isto reflicte que **o uso do galego entre o alumnado é máis de 50 puntos inferior ao uso do castelán.**

A diferenza de máis de 50 puntos porcentuais no uso do castelán sobre o uso do galego entre o alumnado é unha porcentaxe absolutamente similar ao uso lingüístico do alumnado noutros contextos da súa vida.

- Coa parella, o castelán supera en **54,44** puntos ao galego (67,78% fronte ao 13,34%)
- Coas amizades, o castelán supera en **54,44** puntos ao galego (68,89% fronte ao 14,45%)
- Con irmáns, o castelán supera en **55,56** puntos ao galego (67,78% fronte ao 12,22%)
- Na realización de compras, o castelán supera en **48,91** puntos ao galego (60,02% fronte ao 11,11%)
- Con persoas descoñecidas, o castelán supera **57,77** en (72,22% fronte ao 14,45%)

**2. 3. Situación lingüística do persoal de administración e servizos do centro.** Constitúe un pilar fundamental das políticas do centro pois en boa medida manteñen un contacto permanente co alumnado, co profesorado e en moitas ocasións con persoas externas que se achegan ao centro, especialmente en conserxería e secretaría. Presentamos, aínda que máis brevemente, a situación dos PAS do Centro.

**Número de enquisas:** 9

**Distribución por sexo:**

Mulleres: 8  
 Homes: 1

**Lingua na que se aprendeu a falar:**

Castelán: 4  
 Galego: 2  
 Castelán e galego: 3

**Lingua/s faladas en diferentes ámbitos:**

	Castelán	Máis castelán	Castelán e galego por igual	Máis galego	Galego	Outra (s)
Coa parella	3	1	2		2	
Coas amistades	2	2	4		1	
Coa nai/titora	1	1	1		5	
Co pai/titor	1	2		1	3	
Con irmá/n/s	3	1		1	4	
Cos avós maternos		1			6	
Cos avós paternos	2	1			4	
Coas compañeiras/os da ESAD Galicia	1	2	3		3	
Co profesorado da ESAD de Galicia castelán-falante	4	1	2	1	1	
Co profesorado da ESAD de Galicia galego-falante	1		1	4	3	
Co persoal non docente da ESAD de Galicia	1	1	4	1	2	
Ao facer compras	4	1	3		1	
Con persoas descoñecidas (cando se fala primeiro)	4	2			3	
No médico	4	1	2	1	1	

**Autoavaliación da competencia lingüística en CASTELÁN:**

	Moi def.	Def.	Acept.	Boa	Moi boa
